



AGROAMB TRESIMA U.T.E.
Calzada Das Gándaras, 11 Local Bajo Dcha.
27003-Lugo (Lugo)

RESOLUCIÓN de inscripción como transportista de residuos non perigosos de orixe industrial no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia
Núm.do expediente: 2006-SC-I-00162

En relación coa notificación presentada por D./D.^a Fernando Rodríguez Rodríguez, como representante legal da empresa **AGROAMB TRESIMA U.T.E.** (CIF: G-15787856), con enderezo social en Calzada Das Gándaras, 11 Local Bajo Dcha., 27003-Lugo (Lugo), a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental incoou o oportuno expediente de acordo cos seguintes ANTECEDENTES:

Primeiro.- Con data de rexistro de entrada 02/03/2006 a empresa notificou que realiza a actividade de xestión de residuos non perigosos de orixe industrial que consiste na recollida e transporte dos mesmos. Xunto coa notificación presentou a documentación esixida polo Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

Segundo.- No expediente instruído para o efecto cumpríronse os trámites regulamentarios previstos na normativa aplicable.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

A Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental é competente para coñecer a petición formulada, de conformidade co establecido na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, no Decreto 174/2005 do 9 de xuño, e no Decreto 01/2006, de 12 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Por todo o anterior, a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, no exercicio das competencias que ten atribuídas, RESOLVE:

Inscribir á empresa **AGROAMB TRESIMA U.T.E.** (CIF: G-15787856), con enderezo social en Calzada Das Gándaras, 11 Local Bajo Dcha., 27003-Lugo (Lugo) co número: **SC-I-NP-XRT-00122** no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia para realizar a actividade de **recollida e transporte de residuos non perigosos de orixe industrial:**

Todo elo de acordo coas seguintes condicións:



PRIMEIRA: En todo momento deberá cumprir as prescricións que sobre residuos se establecen na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, así como en cantas disposicións fosen dictadas ou se dicten na Administración do Estado e na Administración da Xunta de Galicia en materia de residuos.

SEGUNDA: A recollida e o transporte de residuos deberase realizar cos medios e as condicións axeitadas a natureza do residuo e conforme coa normativa de transporte por estrada, adoptando as medidas necesarias para que o traslado se realice en condicións de seguridade e hixiene.

TERCEIRA: Os residuos poderanse transportar unicamente ata os xestores de residuos autorizados.

CUARTA: Esta inscrición outórgase sen prexuízo das licenzas e autorizacións esixibles para exercer a actividade polo ordenamento xurídico.

QUINTA: O incumprimento dos termos desta autorización ou da normativa de aplicación, poderá dar lugar á incoación do expediente sancionador previsto na Lei 10/98, do 21 de abril, de residuos

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer, no prazo dun mes, recurso de alzada ante o conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, de conformidade co disposto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999 do 13 de xaneiro (LRX-PAC).

Mediante este documento notifícase esta resolución segundo o esixido no artigo 58.1 da LRX-PAC.

Santiago de Compostela, 21 de Xuño de 2006

Joaquín Lucas Buergo del Río
Director Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

Nota Informativa: Poderá vostede consultar en tempo real a tramitación do seu expediente e a/s autorización/s inscrición/s da súa empresa no Rexistro xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia dándose de alta como usuario en SIRGa (Sistema de Información de Residuos de Galicia; <http://sirga.medioambiente.xunta.es>)